



UNDERFEST

SanN Estrella Galicia 

PRESENTA

SON DE MAR



Do 7 de outubro
ao 7 de novembro de 2021

.....

Casa das Artes

CONCELLO
DE VIGO





SON DE MAR

Con motivo da celebración da 4ª edición do **Festival Underfest SON Estrella Galicia**, presentamos a exposición “Son de Mar”: unha desbordante exhibición de lixo onde todo o que se pode ver foi devolto polo mar. Esta actividade trátase dunha acción de concienciación medioambiental cunha base didáctica e de denuncia.

O festival Underfest SON Estrella Galicia quere con esta exposición engadir unha visión artística dunha problemática presente que non se pode deixar de lado. Así, o Festival quere amosar á súa sensibilidade coa contorna onde se desenvolve e o seu compromiso firme coa sustentabilidade e o respecto polo medio ambiente e en especial a riqueza mariña da que disfrutamos desde a nosa terra.

Arte e ciencia danse a man nesta exposición para afondar na problemática do lixo mariño buscando que a súa mensaxe chegue ao espectador a través de todos os sentidos. Porque a arte transforma a fealdade en beleza. E transforma á súa vez a alma de quen a admira. Así, a dureza das cifras relacionadas cos residuos mariños e a contaminación convértese nesta exposición nunha realidade transformada, para invitar á reflexión.

A arte abre os ollos de maneira máxica ante o lixo cotián, que en canto deixa de ser produto instantáneo de desexo e de consumo, desaparece das nosas mans. E o adoitamos esquecer, non o queremos ollar máis. Queremos que desapareza máxicamente das nosas vidas pero segue ahí, e seguirá no fondo do mar.

Mar de Fábula e **Retoque Retro**, dúas asociacións sen ánimo de lucro que limpan o mar, unidas pola afinidade artística dos seus fundadores, adoitan realizar exposicións conxuntas cheas de beleza espallando a mensaxe que trae o mar por toda a costa galega. **Mar de Fábula** organiza desde a costa da Morte limpeza de praias, campañas de concienciación, obradoiros e convivencias artísticas. O seu presidente é o artista Xosé Manuel Barros. **Retoque Retro** é unha asociación de A Coruña formada por Ana Lee (mestra), Javi Serantes (escultor) e Isa García (bióloga), unidos pola sensibilidade artística e pola conciencia medioambiental. O equipo de Retoque Retro crean obras de arte conxuntas e promoven obradoiros e faladoiros a través do lixo que recollen nas praias.

En ‘Son de Mar’ ambas entidades contaron coa colaboración do **CEIDA** -Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia- organismo que promove a educación ambiental en todos os sectores sociais, así como o intercambio científico e cultural, traballando na procura de solucións aos problemas ambientais e fomentando as boas prácticas cidadás neste eido. Este centro é froito dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros para coordinar, dinamizar e promover a Educación Ambiental en Galicia.

Todas as institucións implicadas neste proxecto amosan, dende diferentes perspectivas, unha visión ampla e complementaria acerca de todo o que hai que coñecer sobre o lixo mariño.

SON DE MAR

Casa das Artes

Policarpo Sanz, 15. Vigo

Do 7 de outubro ao 7 de novembro de 2021

Luns a venres: de 18.00 a 21.00 h

Sábados: de 12.00 a 14.00 e de 18.00 a 21.00 h

Domingos e festivos: de 12.00 a 14.00 h



DESCARGA
FOLLETO

